

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A ASOCIACIÓN AMICOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO EUROPEO "AROUSA LAB: INVOLUCRAR ÁS COMUNIDADES LOCAIS EN ENFOQUES INNOVADORES E SUSTENTABLES NAS ÁREAS PROTEXIDAS DA RIA DE AROUSA" PARA CUMPRIR OS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO CONVENIO DE FINANCIAMENTO ASINADO CO PROXECTO A-AAGORA (SUB-GRANT AGREEMENT AO CONTRATO 101093956)

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar , nomeada polo Decreto 35/2025, do 4 de xuño, (DOG n.º 106 do 5 de xuño de 2025), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, D^a Maria Esther Vidal Rodríguez, presidenta da asociación Amicos (NIF G15747678), segundo a información que consta no Rexistro de Asociacións de Galicia.

EXPOÑEN:

- Que a Consellería do Mar ten entre as súas competencias as relativas a innovación, a investigación mariña e as relativas a divulgación e transferencia tecnolóxica sobre o mar e a pesca, que executa tanto a través dos seus propios recursos e programas como en colaboración con outras entidades, apoiando as accións que coinciden cos obxectivos da Consellería.

- Que a Consellería do Mar a través da Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias os programas de desenvolvemento das zonas costeiras no marco das cales desenvolveu numerosos proxectos europeos sobre temas relacionados co mar, a náutica e o patrimonio marítimo.

A dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ademais desenvolve políticas de fomento do desenvolvemento litoral e pesqueiro con intervencións en materia de formación, apoio ao desenvolvemento e investimentos dotacionais. É por eso que é de alto interese participar en proxectos que potencien o desenvolvemento sostible da zona litoral dentro dunha estratexia de diversificación de actividades potenciais en cada zona.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



- Que AMICOS é unha asociación, dotada de personalidade xurídica, sen fin de lucro, e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, entre os que se atopan os servizos de apoio a persoas con discapacidade intelectual.

- Que a asociación AMICOS, como co-beneficiaria do contrato de financiamento asinado co proxecto A-AAGORA, e indicado na cabeceira deste convenio, está interesada en prestar apoio na execución e mantemento deste proxecto "Arousa-lab", en concreto, nas actuacións de dinamización dos actores locais para mobilizar a súa participación en defensa e promoción da sustentabilidade dos sectores do mar, e para dar servizos de difusión, divulgación, adquisición de coñecementos e posta en valor da cultura mariñeira a través de actividades inclusivas, e que forman parte da súa estratexia organizativa para a inclusión social.

- Que ambas as partes consideran de interese a colaboración nas actuacións obxecto deste convenio porque contribúen de forma clara a acadar os obxectivos do proxecto Arousa Lab – rexión asociada de A-AAGORA- contribuindo á valorización do patrimonio cultural e natural, así como á promoción de iniciativas innovadoras que promovan a sustentabilidade dos recursos pesqueiros, marisqueiros, e do litoral.

- Que por todo o exposto e dada a coincidencia de intereses e obxectivos comúns e as especificidades que concorren, faise necesario acudir á figura do convenio de colaboración regulado no artigo 14 da Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico e nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA. - Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e a asociación AMICOS mediante a cal, a devandita asociación, encargarse de xestionar a oficina técnica do proxecto e a coordinación de accións de dinamización e mobilización da comunidade local na Ría de Arousa conforme aos anexos técnicos ao convenio de financiamento A-AAGORA, a partir da achega económica establecida, para ese fin, por parte desta dirección xeral.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



As actividades a realizar se desenvolveran conforme ao convenio de financiamento e descritas na estipulación terceira deste convenio como Obrigas da Asociación Amicos.

SEGUNDA. - Obrigas da Consellería do Mar.

A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, comprométese a:

- Financiar a actividade desenvolvida mediante a achega establecida na cláusula sexta deste convenio.
- O apoio e asesoramento técnico en relación coas actuacións deste convenio.

TERCEIRA. - Obrigas da asociación AMICOS

As actuacións a levar a cabo pola asociación AMICOS, a través deste convenio, son:

Creación dun Comité Social:

- Dossier de comunicación corporativa do proxecto (logo, material de difusión para a web corporativa da Xunta de Galicia e conforme requirido por proxecto financiador, xestión de correo corporativo).
- Colaborar na Identificación de entidades significativas dos diferentes sectores na Ría de Arousa en particular, e doutras áreas costeiras galegas por relevancia, posicionamento ou traxectoria, conforme as indicacións da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Convocatoria das entidades identificadas e dinamización para a participación no proxecto.
- Dinamización das reunións coas entidades do Comité Social para o deseño conxunto de accións de restauración e sensibilización, e identificar retos locais.
- Accións de restauración e sensibilización: con axentes sociais, escolas e outras asociacións, abordando os residuos mariños, rehabilitación ou construción de pasarelas que protexan os ecosistemas dunais, paneis informativos sobre comportamentos cívicos e respectuosos co medio natural no entorno, accesibilidade cognitiva e física de accesos e percorridos litorais de interese turístico. Comprenderán un mínimo de:
 - Campaña de sensibilización con estudantes: eventos con escolares e eventos con outras partes interesadas (empresas, outras asociacións) sobre os residuos mariños, a biodiversidade e a conservación do ecosistema dunar.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



- Unha acción de Rehabilitación e/ou construción de estruturas de protección para o sistema dunar asociado ao PN Illas Atlánticas e/ou Parque Natural de Corrubedo (sendeiros, paneis informativos accesibles).
- Reunións participativas de Arousa-Lab: reunións para o deseño conxunto de accións comunitarias.

Oficina técnica:

- Coordinación entre os axentes locais.
- Rexistro e análise de indicadores e medicións (participación, impacto) das accións de proxecto no contexto social ao que se dirixen.
- Coordinación co consorcio A-AAGORA, financiador do Arousa-lab, conforme ao calendario estipulado: reunións mensuais de rexións asociadas, outras reunións presenciais de proxecto, entrega de informes, reportes e demais materiais requiridos polo proxecto financiador.

CUARTA. - Dirección dos traballos.

A asociación Amicos designa a Xoán España Vidal director Xeral e de Transformación, para realizar a dirección e seguimento da execución das actuacións enumeradas na estipulación primeira do presente convenio.

Por parte da Consellería do Mar, a dirección e o seguimento realizarase polo xefe/a do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro e o persoal técnico que se designe.

QUINTA. - Presentación de informes.

Os responsables da asociación informarán á persoa responsable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar da marcha das actividades previstas no convenio mediante a emisión dun informe da actividade. O correspondente informe será **presentado non máis tarde do 10 de decembro de 2025.**

No informe indícaranse a relación de actividades executadas, o contido dos temas e actuacións tratadas nas reunións, e indicadores de participación, completado cun dossier gráfico de comunicación sobre as actuacións do proxecto.

O informe virá acompañado dunha memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos a partires da sinatura do convenio e ata o 30 de novembro de 2025.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



SEXTA. – Financiamento.

A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, colaborará na realización das actuacións citadas na estipulación primeira do presente convenio cunha achega de setenta mil euros 70.000,00 €, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 16.03.722A.640.0 (c.p. 2025 00169) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O importe deste convenio será aboado pola Consellería do Mar á asociación Amicos mediante transferencia á conta ES6714910001252016941722 ou na que se designe pola asociación trala entrega por parte da asociación AMICOS da documentación que figura na estipulación sétima.

SÉTIMA. - Xustificación e pago.

O importe que a consellería achegará ten como destino a compensación dos custos nos que incorra a asociación Amicos, polo que non existe ánimo de lucro por parte desta última.

Este importe terá coma destino compensar os gastos relativos a execución do proxecto e previstos na estipulación terceira deste convenio de colaboración a partires da sinatura do convenio e ata o 30 de novembro de 2025.

A asociación entregará xustificación documental dos gastos realizados baixo este convenio mediante as correspondentes facturas, nóminas, recibos e/ou certificados emitidos, e xustificante de pagamento dos gastos (transferencia bancaria ou certificación bancaria) en que conste o número da factura obxecto de pagamento, o/a titular da conta desde a que se realiza a operación, que deberá coincidir coa entidade beneficiaria do convenio e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa ou empresa que emitiu a factura, nóminas, recibos e/ou certificados emitidos. O orzamento desagregado do convenio cos custos por actividades e tipoloxía de gastos subvencionables é o seguinte:

O orzamento desagregado do convenio cos custos por actividades e tipoloxía de gastos subvencionables é o seguinte:

Tipoloxía de actuación	Tipoloxía de gastos subvencionables	Importe a xustificar
Servizo de xestión e organización de eventos	Gastos de persoal (*)	7.000,00 €
Compra de viaxes e dietas	Servizos	7.000,00 €

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Tipoloxía de actuación	Tipoloxía de gastos subvencionables	Importe a xustificar
Campaña de sensibilización (sobre lixo mariño, biodiversidade, preservación de ecosistema dunar, roteiros, interpretativos, etc): - Eventos con escolas. - Eventos con outros actores locais (empresas, asociacións)	Subministracións e/ou servizos	13.900,00 €
Rehabilitación e construción de pasarelas. Colocación de paneis informativos accesibles (cognitivamente)	Obras e/ou subministracións	20.000,00 €
Eventos participativos Arousa-Lab: - Eventos para co-deseño de accións comunitarias	Subministracións e/ou servizos	10.000,00 €
Comunicación, diseminación	Servizos	10.000,00 €
Custos indirectos	Outros	2.100,00 €
TOTAL		70.000,00 €

(*) CÁLCULO GASTO DE PERSOAL

Para determinar o prezo unitario por hora de traballo que a asociación AMICOS destinará para o servizo de xestión e organización de eventos, tívose en conta o XVI Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade (BOE núm. 86, de 9 de abril de 2025):

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social (32,80%)	Outros	Total
Persoal Técnico-Categoría superior nivel 1	19.527,72€	0,00 €	6.405,09	0,00 €	25.932,81 €
Persoal Técnico-Categoría nivel 2	21.201,48 €	2.987,16	6.954,09	0,00 €	31.142,73 €
TOTAL	40.729,20 €	2.987,16	13.359,18	0,00 €	57.075,54 €

Neste convenio establécese unha xornada anual de 1.720 horas.

En base ao prezo unitario/hora e a estimación do nº de horas que se dedicará pola asociación AMICOS cun ou varios técnicos destinados á prestación do servizo, o importe total estimado dos gastos de persoal será de:

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Tipoloxía de gastos subvencionables	Prezo anual	Prezo unitario/hora	Nº horas	Orzamento total
1. Gastos de persoal:				
1.1- Persoal Técnico-Categoría superior nivel 1	25.932,81 €	15,08 €	219	3.304,00 €
1.2- Persoal Técnico-Categoría técnico nivel 2	31.142,73 €	18,11 €	204	3.696,00 €
TOTAL				7.000,00 €

A data limite de entrega da documentación xustificativa será o 10 de decembro de 2025.

O pagamento farase trala entrega por parte da entidade colaboradora do informe da actividade realizada e a memoria económica correspondente ao período de xustificación.

Previo ao aboamento que corresponda, certificarase, polo Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro, que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente convenio.

OITAVA. - Comisión de seguimento.

Para a supervisión deste convenio crearase unha comisión paritaria que coordinará o seu desenvolvemento, planificación e cumprimento. Esta comisión estará constituída polo/a director/a xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ou persoa que o/a substitúa, e un membro do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro en representación da Consellería do Mar, e polo Director/a Executivo/a, ou a persoa que o/a substitúa, e outro membro da asociación Amicos, en representación da citada entidade.

Esta comisión, que estará presidida polo/a director/a xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou persoa que o/a substitúa, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste senso serán inmediatamente executivos.

NOVENA. – Vixencia.

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia por incumprimento dos

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, despois de audiencia da outra parte e cun mes de adianto como mínimo.

Non obstante, se o desenvolvemento do convenio fose satisfactorio por ambas partes, as partes poderán formular addendas ao presente convenio, corrixindo ou prorrogando a súa vixencia antes de que chegue a data do seu remate.

DÉCIMA. - Responsabilidade das actuacións.

A sinatura do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e outro persoal que vaian a desenvolver as actividades previstas e a Consellería do Mar, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. - Resolución do convenio.

As partes poderán modificar o convenio antes da data de remate da súa vixencia, sempre que sexa de mutuo acordo, ou denunciar o convenio en calquera momento.

Será causa de resolución do convenio o incumprimento, reiterado e manifesto, das obrigas de cada unha das partes, que se comunicará formalmente á outra.

DÉCIMO SEGUNDA. - Normativa aplicable e xurisdición.

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A posible discrepancia na aplicación e interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación oitava.

A Xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. - Transparencia e bo goberno.

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data mencionados.

Pola Consellería do Mar

Pola Asociación AMICOS

A conselleira do Mar

A Presidenta

Marta Villaverde Acuña
(Asinado electronicamente)

María Esther Vidal Rodríguez
(Asinado electronicamente)

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal

